

CEIP Plurilingüe de Vite

INFORMACIÓN E NORMAS XERAIS.

Curso escolar 2023-24



- **HORARIO:** O horario lectivo é de 09:30 a 14:30.

O alumnado usuario do transporte escolar subirá directamente as aulas ao chegar ao recinto escolar.

As 09:25 soará a música indicando o acceso ás aulas para os usuarios do servizo de madrugadores e o resto de alumnado que espera no patio cuberto acompañado por algún familiar.

As familias non poderán acompañar ao alumnado ao interior do centro.

É fundamental a **puntualidade**. As chegada tarde reiteradas serán rexistradas acumulativamente e, de non seren debidamente xustificadas, tomáranse as medidas protocolarias establecidas pola Consellería.

- **TITORÍAS:** O día de atención ás familias é o martes de 16:30 a 17:30 concertando unha cita con antelación.

- **ASISTENCIA:** é obrigatoria por lei a asistencia diaria a clase tanto en E. Infantil como en E. Primaria.

As faltas serán xustificadas a titora ou titor por escrito segundo modelo facilitado polo centro. O seu control será moi rigoroso.

As saídas/entradas do alumnado no centro por visitas médicas durante o horario lectivo realizaránse pola entrada principal, procurando que as ausencias sexan o máis reducidas posibles.

No caso de chegar tarde, na recepción débese cubrir o documento xustificativo. En caso de tratarse de alumnado de E. Infantil esperarán a que a conserxe os acompañe á aula. O alumnado de E. Primaria accederá á súa aula autonomamente.

- **SAÚDE:** Existe a obrigatoriedade das familias de non enviar ao alumnado con febre ou enfermo ao colexio.

No caso de accidente ou indisposición leve no alumnado na escola, será atendido polo profesorado e, será avisada a familia inmediatamente. É imprescindible ter actualizados os teléfonos de contacto.

No caso de alumnado incluído no programa de Alerta Escolar, seguirase o protocolo establecido pola Consellería.

- **SAÍDAS:** As saídas escolares a realizar están programadas polo Equipos de Actividades Complementarias e Extraescolares tendo en conta as preferencias dos equipos de Ciclo, aprobadas polo Consello Escolar e contempladas na Programación Xeral Actual. As familias recibirán información sobre a visita e o seu custo e deben ter asinada a súa autorización que se entregará uns días antes de realizar dita saída.

No caso de non ter autorización, o alumnado quedará no centro debidamente atendido.

- **ANPA Burgo das Nacións.** A Asociación de Nais e Pais do Alumnado xestiona as actividades extraescolares que se realizan no colexio dende as 16:30 a 18:30. As familias interesadas podense facer socias da ANPA.
Teléfono: 657 149 537
Email: anpavite1@gmail.com

SERVIZOS:

- O programa **Madrugadores** é un servizo ofertado e xestionado polo Concello de Santiago de Compostela. Funciona en horario de 07:30 a 09:00, con ou sen almorzo, de maneira regular ou esporádica.
- O **comedor escolar** tamén ofertado e xestionado polo concello de Santiago de Compostela funciona de 14:30 a 16:30 con servizo de catering de maneira regular ou esporádica.

Teléfono: 636 477 626

Email: atencioncomedorsantiago@alimentacionsaludablegallega.net

É necesario darse de alta, rexistrase e contratar estes servizos na app **ColeChef**.

Código de alta **eskrLOLD54**

- **Transporte Escolar:** xestionado pola Xunta a través da empresa MOMBUS con dúas rutas: saída de Albudiño / saída de Miramontes.

• NOTIFICACIÓNS DAS FAMILIAS AO CENTRO.

Notificarán **asuntos sanitarios** que consideren relevantes (alerxias, enfermidades crónicas que poidan causar crises puntuais...).

Notificarán **baixa por traslado**, cubrindo e asinando o impreso correspondente para entregar en Secretaría.

Notificarán a relación de **personas autorizadas** a recoller aos seus fillos ás 14:30h.

Notificarán a **autorización** para que o alumnado de 5º e 6º de E. Primaria poida marchar só dende o colexio/parada de transporte escolar a casa.

Notificarán **calquera outra cuestión** que precisen a través de Secretaría.

- **LIBROS DE TEXTO.** Atópase na páxina web do centro a listaxe dos libros de texto dos diferentes cursos, agás 5º e 6º de E. Primaria que pertencen ao Proxecto Edixgal que contan con miniportatil e libros dixitais gratuítos.

- **TELÉFONOS DE CONTACTO.** É imprescindible que o centro dispoña de 2 ou 3 números de teléfono operativos para poñerse en comunicación coas familias en caso de emerxencia. No caso de haber calquer variación (teléfono, dirección...) deberán notificalo á maior brevidade na Secretaría (881 86 78 32).

- **PAIS/NAIS SEPARADOS OU DIVORCIADOS.** Os pais/nais separados ou divorciados que non teñan asignada a garda e custodia legal dos seu fillos ou fillas e desexen obter información sobre os resultados das avaliacións destes ou recibir información do profesorado, deberán solicitalo na Secretaría, a través dun escrito a Dirección, achegando copia fidedigna da sentenza xudicial da separación/divorcio ou nulidade.

- **DATOS DO CENTRO.**

CEIP Plurilingüe de Vite.

Avda. Burgo das Nacións s/n. 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 881 867 834

Email: ceip.vite@edu.xunta.gal

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvite>

CALENDARIO ESCOLAR 2023-24

- **DURACIÓN DO CURSO ESCOLAR.**

Segundo a orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023-24, o curso escolar abrangue dende o 11 de setembro de 2023 ao 21 de xuño de 2024, ambos inclusive.

- **PERIODOS VACACIONAIS**

NADAL: do 22 de decembro do 2023 ata o 7 de xaneiro do 2024, ambos incluídos.

ENTROIDO: 12, 13 e 14 de febreiro de 2024.

SEMANA SANTA: do 25 de marzo ao 1 de abril de 2024, ambos incluídos.

- **DÍAS NON LECTIVOS:**

Día da Hispanidade: 12 de outubro de 2023

Día de Todos os Santos: 1 de novembro de 2023

Día da Constitución: 6 de decembro de 2023

Día do ensino: 7 de decembro de 2023

Día da Inmaculada Concepción: 8 de decembro de 2023

Día do Traballo: 1 de maio de 2024

Día da Ascensión: 9 de maio de 2024 (festivo local)

Día das Letras de Galegas: 17 de maio de 2024

Pendente de aprobar o día solicitado á Consellería de Ed. aprobado polo Consello Escolar segundo a normativa vixente (10 de maio).

HORARIO DE ATENCIÓN A FAMILIAS

Titorías: Martes de 16:30 a 17:30, previa cita.

Dirección: Atención previa cita.

Secretaría: Luns, mércores e xoves: 9:30-10:20.

Martes: 10:20-12:00

Venres: 9:30- 11:10

Xefatura de Estudos: Atención previa cita.

Orientación: concertará citas segundo a súa dispoñibilidade horaria.

ENTREGA DAS CUALIFICACIÓNS ACADÉMICAS

1ª avaliación: 21 de decembro de 2023

2ª avaliación: 22 de marzo de 2024

3ª avaliación: 28 de xuño de 2024